

IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Bande

Anuncio

Información pública do proxecto de obra denominada “Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias no concello de Bande”.

Mediante o presente anuncio infórmase que se somete a trámite de información pública, durante un período de 20 días hábiles, o proxecto técnico da obra denominada “Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias no concello de Bande”, cun orzamento de 69.637,92€, incluída no Plan Marco, cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

O dito proxecto poderá ser examinado nas oficinas municipais, por calquera interesado, durante o prazo indicado, para que se formulen as alegacións que estimen pertinentes.

Bande, 23 de marzo de 2016. O alcalde.

Asdo.: José Antonio Armada Pérez.

Anuncio

Información pública del proyecto de obra denominada “Mejora de caminos municipales de acceso a explotaciones agrarias en el Ayuntamiento de Bande”.

Mediante el presente anuncio se informa que se somete al trámite de información pública, durante un período de 20 días hábiles, el proyecto técnico de la obra denominada “Mejora de caminos municipales de acceso a explotaciones agrarias en el Ayuntamiento de Bande”, con un presupuesto de 69.637,92€, incluida en el Plan Marco, cofinanciada por el Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural, al amparo de PDR de Galicia 2014-2020.

Dicho proyecto podrá ser examinado en las oficinas municipales, por cualquier interesado, durante el plazo indicado, para que se formulen las alegaciones que estimen pertinentes.

Bande, 23 de marzo de 2016. El alcalde.

Fdo.: José Antonio Armada Pérez.

R. 1.087

O Barco de Valdeorras

Anuncio

Bases e convocatoria do proceso de selección para a contratación laboral temporal de dous/dúas auxiliares de Policía Local para a tempada de verán (xuño, xullo, agosto e setembro de 2016).

Por Resolución de Alcaldía con data 8 de abril de 2016, acordouse aprobar as bases e convocar o proceso de selección para a contratación laboral temporal, a través da modalidade contractual de acumulación de tarefas, a xornada completa, de dous/dúas auxiliares de Policía Local, durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro (ata o 30.09.2016), comezando o prazo de presentación de solicitudes de participación a contar a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e das bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

A continuación, transcríbese integramente o texto das citadas bases:

Bases reguladoras para a contratación laboral temporal, de dous/dúas auxiliares de Policía Local, durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro (ata o 30 de setembro de 2016) mediante a modalidade contractual de acumulación de tarefas, a xornada completa, a través do sistema de selección oposición e formación de bolsa de traballo para dita ocupación

1.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal, a través da modalidade contractual de acumulación de tarefas, a xornada completa, de dous/dúas auxiliares de Policía Local, así como formación de bolsa de traballo para a dita ocupación, sendo a duración do contrato durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro (ata o 30 de setembro de 2016), encargados/as de realizar os labores que o concello considere oportunos, apoiando ao corpo de Policía Local.

O sistema de selección da presente convocatoria é mediante o procedemento de oposición.

As remuneracións por todos os conceptos dos/as traballadores/as que se contraten será a correspondente a dun/ha auxiliar administrativo/a laboral do concello.

2.- Lexislación específica aplicable

Ao presente procedemento de selección aplícaselle a seguinte normativa:

- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

- Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

- Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

- Orde do 28 de xaneiro de 2009, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

- Decreto 77/2010, do 29 de abril, polo que se modifica o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

3.- Requisitos dos/as aspirantes

Para participar na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, permita o acceso ao emprego público como persoal laboral.

- Ter cumpridos os dezaioito anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.

- Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separa-



do/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial.

No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

- Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario/a do grupo C2; para os efectos de equivalencia atearanse ao disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, modificada pola Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado/a en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión do documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

- Estar en posesión do curso básico esixido para auxiliares de Policía Local, organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública ou, no suposto de non o ter, o compromiso de realizalo se se sae seleccionado/a para o posto de traballo; aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período do catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais. É dicir, non terán a obriga de facer o curso as persoas que o tivesen superado nos últimos catro anos.

Para poder ser contratado/a é necesario estar en posesión do dito curso.

- Posuíren unha estatura mínima de 1,65 m para os homes e de 1,60 m para as mulleres. Este requisito comprobarase antes de dar comezo á realización das probas físicas.

4.- Presentación de solicitudes

As solicitudes para participar no procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do concello ou polas outras formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, durante o prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria e das bases no “Boletín Oficial da Provincia de Ourense”, sendo o horario de presentación de documentación:

- de luns a venres: 9:00 a 14:00 horas,
- sábados: 10:00 a 13:00 horas.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por fax ao concello (n.º 988 325 978) avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992.

O mesmo día no que saia publicada a convocatoria do procedemento e as súas bases no BOP de Ourense, as bases tamén se exporán na páxina web do concello (www.concellodobarco.org) e anuncio da convocatoria e forma de obter copia das bases no taboleiro de anuncios do Concello Vello (Praza do Concello, n.º 1), co obxecto de cumprir cos principios de máxima publicidade e difusión da convocatoria.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. En caso contrario, de chegar a documentación ao Rexistro Xeral do concello fóra de prazo, entenderase presentada fóra de prazo, quedando excluído/a do procedemento.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou pasaporte en vigor.

Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. E, así mesmo, os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia cotexada dun documento que acredite esta condición.

Os aspirantes estranxeiros distintos dos anteriores deberán presentar ademais da fotocopia cotexada do pasaporte, a tarxeta de identidade de estranxeiro que habilita para residir en España e traballar nas prazas ofertadas.

- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial; no caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. (Anexo II)

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións a levar a cabo respecto da praza á que se pretende optar.

Se o concello considera que o certificado médico achegado non é o suficientemente claro para determinar se se pode desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

- Fotocopia compulsada da titulación esixida. No seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo; no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do ministerio correspondente en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

- Fotocopia compulsada do curso básico esixido para auxiliares de Policía Local organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública ou, no suposto de non estar en posesión deste, compromiso de realizalo se se sae seleccionado/a para o posto de traballo.

As compulsas deberán estar realizadas por notario, secretario/a deste concello ou funcionario/a deste concello en quen delegue, admitíndose tamén as compulsas que se realicen nos rexistros das administracións públicas a través das cales se considera válido que se presente a documentación para o seu posterior envío (sempre e cando se entreguen no dito rexistro para a remisión ao Rexistro Xeral deste concello), especificados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do



régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.- Relación de admitidos/as e excluídos/as

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, mediante resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e de excluídos/as ao procedemento de selección que se fixará no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles para que os/as aspirantes excluídos/as, así como as persoas omitidas na relación de admitidos e excluídos poidan corrixir os defectos que motivaron a súa exclusión ou a súa omisión da referida relación; no listado definitivo de persoas admitidas e excluídas ao procedemento de selección, que se publicará a través dos ditos medios, tamén aparecerá a composición dos membros integrantes do tribunal cualificador e a data, lugar e hora de realización das probas selectivas do procedemento oposición, que se realizarán, sempre que sexa posible, no mesmo día.

O feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza aos interesados/as a posesión do requisito da estatura mínima esixida no proceso selectivo, que se comprobará minutos antes de dar comezo as probas físicas; quedarase eliminado/a do proceso se non se conta coa estatura mínima requirida.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección levaranse a cabo, de acordo co establecido no artigo 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello Vello e, con carácter non preceptivo e complementario, na páxina web (www.concello-dobarco.org); tales publicacións na web municipal non terán validez para os efectos de cómputo de prazos.

A información de carácter persoal contida nelas será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia na que solicitan participar no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

6.- Tribunal cualificador

O tribunal, que terá como función a cualificación das probas selectivas realizadas polos/as candidatos/as presentados/as, estará integrado polos seguintes membros, todos con voz e voto:

- Presidente/a: un/unha funcionario/a ou persoal laboral dunha Administración pública e un/unha suplente designado/a polo alcalde deste concello.

- Secretario/a: un/unha funcionario/a deste concello, e un/unha suplente designado/a polo alcalde.

- Vogais: tres membros titulares (funcionarios/as ou persoal laboral dunha Administración pública), e outros/as tres suplentes designados/as polo alcalde deste concello.

A súa composición publicarase coa lista definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

A composición do tribunal será de forma predominante técnica e as persoas que o conformen deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas. O tribunal non poderá estar formado maioritariamente por empregados/as públicos/as pertencentes á mesma categoría e tipo de praza.

O tribunal, por medio do/da seu/súa presidente/a, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión, e que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo, o tribunal poderá valerse de colaboradores para o desenvolvemento dos diferentes exercicios. Cando proceda, para a realización e corrección do exercicio do galego, incorporárase ao tribunal como asesor/a un/unha técnico/a especialista en lingua galega.

Intentárase que os membros do tribunal sexan persoal do propio concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o RD 462/2002, do 24 de maio. No suposto de que forme parte do tribunal algunha persoa allea ao concello, si terá dereito a percibir a mencionada indemnización no suposto de ser solicitada por escrito. Nos mesmos termos serán retribuídos os/as asesores/as especialistas do tribunal e os colaboradores, que, salvo disposición en contrario, percibirán as mesmas cantidades que as establecidas para os vogais.

Na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes. En todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros. Por conseguinte, terase en conta, de acordo co establecido no artigo 59 da Lei do emprego público de Galicia, que o persoal de elección, de designación política, os/as funcionarios/as interinos/as, o laboral temporal, o persoal eventual e as persoas que nos últimos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores/as, non poderán formar parte dos órganos de selección.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao Excmo. Sr. alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir aos/as integrantes deste declaración expresa de non atoparse incursos/as en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas neste parágrafo.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de como mínimo tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando en todo caso imprescindible a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos supostos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, se é o caso, poida proceder á súa revisión, conforme o previsto nos artigos 102 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.



Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interporse un recurso ante a autoridade que nomee o seu presidente, nos termos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos/as aspirantes minusválidos, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes.

O tribunal elevará á autoridade competente a correspondente proposta para adxudicar os postos, consonte coas avaliacións.

7.- Desenvolvemento do proceso selectivo

O proceso selectivo desenvolverase mediante o procedemento oposición, que comprenderá a realización de catro exercicios, sendo todos de carácter obrigatorios e eliminatorios e que deberán desenvolverse na orde que se indica a continuación; a non superación dalgun dos exercicios determinará a eliminación do/a aspirante do proceso selectivo:

*Primeiro exercicio: proba de coñecemento:

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 50 preguntas tipo test relacionadas co temario que figura como anexo destas bases, con 4 alternativas de resposta cada unha, sendo válida soamente unha delas. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificará o tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo para non quedar eliminado/a do proceso selectivo.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$.

N= nota final da proba; A = preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respondidas.

*Segundo exercicio: proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local:

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 10 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, sendo válida soamente unha delas, para poder comprobar o nivel de coñecemento dos/as candidatos/as sobre as características propias do concello e a toponimia local. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de quince minutos para a súa realización.

A proba cualificará o tribunal de cero a tres puntos, sendo necesario acadar un con cinco puntos como mínimo para non quedar eliminado/a do proceso selectivo.

As preguntas erradas ou non respondidas non restan na puntuación final da proba.

*Terceiro exercicio: coñecemento da lingua galega:

Consistirá na realización dunha tradución por escrito dun texto en idioma castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos.

A proba cualificará o tribunal como apta ou non apta, sendo necesario para superala obter o resultado de apto, e desta maneira non quedar eliminado/a do proceso de selección.

Estarán exentos de realizar esta proba os/as aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, do certificado de lingua galega Celga 3 ou equivalente homologado de acordo co establecido na Orde do 16 de xullo de 2007, coas modificacións introducidas pola Orde do 10 de febreiro de 2014, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, reguladora dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

*Cuarto exercicio (inclúe a comprobación da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminadas do proceso de selección aquelas persoas que non cumpran coa estatura mínima requirida):

Probas físicas: cualificaranse como apto/non apto; para obter a cualificación de apto, os/as aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba; a non superación dalgunha das probas físicas determinará a eliminación do/a aspirante do proceso selectivo:

A- Potencia tren inferior: salto vertical

Realizarase nun lugar con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O/a aspirante colocaráse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executárase separándose 20 cm da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberánse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

- Permítese dous intentos, só aos/as aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade:

sexo; 18-36 anos; 37-48 anos; 49 anos ou máis

Homes; 41 cm; 33 cm; 29 cm

Mulleres; 32 cm; 28 cm; 25 cm

B- Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo.

O/a aspirante colocaráse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé. Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído/a.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros, no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

sexo; 18-36 anos; 37-45 anos; 46 anos ou máis

Homes; 4'30"; 5'00"; 5'15"

Mulleres; 5'00"; 5'30"; 5'45"

8.- Cualificación do proceso selectivo e a súa publicidade

O resultado da realización do primeiro exercicio da oposición publicarase no taboleiro de anuncios do concello, informándose tamén do lugar e hora de realización do resto de exercicios, que como xa se indicou no artigo 4 das presentes bases, realizaranse, sempre que sexa posible, no mesmo día no que se fagan as probas físicas.

O resultado final do proceso de selección é o que resulte da suma de puntos que obtiveron os/as aspirantes no primeiro e segundo exercicio, xa que a proba de galego e as probas físicas se valoran como aptas ou non aptas, publicándose no taboleiro de anuncios do concello as puntuacións conseguidas; téñase en conta que a non superación dalgunha das probas selectivas determinará a eliminación do/a aspirante do proceso selectivo, e non se poderá pasar ao exercicio seguinte se non se supera o anterior.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida no primeiro exercicio da oposición; de persistir o empate, a puntuación do segundo exercicio. Se aínda así continúa o empate, entón terase en conta o mellor resultado (en minutos e segundos) conseguido na segunda das



probos físicos (proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 m lisos), e por último, de persistir o empate, entón terase en conta o mellor resultado (en cm) acadado na primeira das probas físicas (potencia tren inferior: salto vertical).

Á vista do resultado final, o tribunal proporá para as contratacións aos/ás dous/dúas aspirantes que obtiveran maior puntuación.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo (segundo a puntuación obtida no procedemento de selección), de tal maneira que, se o concello precisa contratar a un/unha auxiliar de policía local por quedar vacante algunha das prazas por renuncia voluntaria do/a traballador/a contratado/a inicialmente, por non superación do período de proba ou para crear temporalmente unha terceira praza de auxiliar de policía ou precisa dalgún/ha traballador/a destas características para cubrir substitucións dos/as auxiliares de policía contratados/as por baixa por IT, baixa por maternidade máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas, baixa por risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural, permiso por paternidade, permisos ou descansos, acudirá a dita bolsa seleccionando ao/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionar ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ao final da lista, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando, enfermo/a, non estar dispoñible por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata segundo grao ou por estar realizando algún curso de formación presencial coa finalidade de situarse en mellores condicións para acceder ao mercado laboral, o que deberá xustificarse achegando a documentación necesaria.

A duración desta bolsa será ata o 30 de setembro de 2016.

Para poder formar parte da bolsa de traballo haberá que superar todas as probas selectivas do procedemento de selección e, ademais, posuír o curso descrito no artigo 11 das presentes bases. No suposto de non ter realizado o curso, poderase formar parte da bolsa de traballo, condicionando a dita circunstancia á superación deste, se se xustifica que, a persoa en cuestión, o vai realizar na convocatoria que durante o mes de maio vai sacar a Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia (entidade organizadora do mencionado curso).

9.- Formalización do contrato

Tras o proceso de selección, e á vista da proposta que formule o tribunal cualificador, o alcalde, no exercicio das competencias que lle corresponden en materia de contratación de persoal, subscribirá os correspondentes contratos laborais cos/as aspirantes propostos/as polo tribunal, que pasarán a ter a con-

dición de persoal laboral de contratación temporal a cargo deste concello.

Soamente se firmarán os contratos laborais cando o concello teña coñecemento de que as persoas propostas para as contratacións están en posesión do curso básico esixido para auxiliares de policía local.

O acordo definitivo de contratacións que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de todos os/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

Ata que se formalicen estes, os/as aspirantes non terán dereito a ningunha percepción económica.

O período de proba que se establecerá nos contratos será o máximo legal, sendo motivo de extinción dos contratos o non superalo.

10.- Incidencias

Autorízase ao tribunal cualificador para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento das probas selectivas en todo o non previsto nestas bases.

11.- Curso práctico na Academia Galega de Seguridade Pública

Co fin de dotar aos/ás aspirantes que se contraten como auxiliares de Policía Local dunha formación teórico-práctica que os/as capaciten para o posterior desempeño da súa actividade laboral, e sempre e cando non o teñan xa feito, as persoas contratadas estarán obrigadas a realizar e superar satisfactoriamente o Curso Básico para Auxiliares de Policía Local, organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública de Galicia, coa duración e coas materias que o mesmo centro estableza e que se vai impartir no mes de maio; é requisito indispensable para poder exercer ás funcións de auxiliar de policía local ter superado o dito curso de formación. O curso ten unha validez de catro anos, debendo realizarse e superarse novamente transcorrido o dito período (artigo 48.2 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais).

O Concello do Barco de Valdeorras, se o considera conveniente, poderá reservar ata tres prazas para a realización do mencionado curso; a este acudirán, en caso de que non o teñan feito, as dúas persoas seleccionadas para os postos segundo o presente procedemento de selección e a persoa que quedase en primeiro lugar na bolsa de traballo creada, por se fora necesario ter que acudir a esta, para contratar a unha nova persoa.

O Barco de Valdeorras, 8 de abril de 2016. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

(Ver anexos páx. 7-10)

ANUNCIO OFERTA AUX POL LOCAL O BARCO



ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

D./D.^a.....,
provisto/a de DNI n.º....., con enderezo, na rúa
....., n.º..... piso, código postal,
localidade, municipio, provincia
teléfono,

Informado/a da convocatoria pública realizada polo Concello do Barco de Valdeorras para a contratación en réxime laboral e por tempo definido e determinado de dous/dúas auxiliares de Policía Local,

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ao referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.
- 3º.- Que autorizo ao Concello do Barco de Valdeorras para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do Concello do Barco de Valdeorras, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
- 4º.- Que desexo que o idioma no que estean redactados os exames tipo test da fase oposición que se me entregarán para realizar sexa en:

- ☐ castelán
☐ galego

O Barco de Valdeorras, de de 2016

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS

ANUNCIO OFERTA AUX POL LOCAL O BARCO



RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

- [illegible]

ANUNCIO OFERTA AUX POL LOCAL O BARCO



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a.....,
provisto/a de DNI n.º con enderezo na r/
....., n.º....., piso....., CP
localidade....., municipio.....,
provincia....., teléfono.....,

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

O Barco de Valdeorras,..... de 2016.

Asdo.:.....

ANUNCIO OFERTA AUX POL LOCAL O BARCO



ANEXO III

D./D.^a.....,

provisto/a do DNI, con enderezo na r/.....,

n.º....., piso.....,CP, localidade,

municipio....., provincia,

teléfono,

DECLARO:

Que, no suposto de saír seleccionado/a para o posto de traballo, e de non ter feito xa o curso ou non telo vixente, me comprometo á realización do Curso Básico para Auxiliares de Policía Local, organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública, que hai que posuír obrigatoriamente para poder exercer as funcións de auxiliar de Policía Local.

O Barco de Valdeorras, de 2016

Asdo.:.....